

CONVOCATORIA DE MATRÍCULA NA

PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA - SETEMBRO DE 2018)

A RESOLUCIÓN conxunta do 27 de marzo de 2018 (DOG nº 73 do 16 de abril), da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2017/18, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2018/19 establece que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG nº 66 do 4 de abril) pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Neste senso, no seu articulado, a dita Orde do 24 de marzo de 2011 establece que o modelo de actuación e a organización das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao no Sistema Universitario de Galicia (SUG) será competencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

A efectos organizativos, sendo necesario realizar unha matrícula nas probas de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), a **Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG) RESOLVEU convocar a Matrícula Anticipada, Ordinaria e Extraordinaria** para a realización dos exercicios correspondentes ás ditas probas, na **convocatoria extraordinaria [setembro de 2018]**, conforme as seguintes

BASES

Primeira: TIPOS DE MATRÍCULA, PRAZOS, PROCEDIMENTO, LUGAR E HORARIO.

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA:

1.1. PRAZO: do 3 ao 7 de setembro de 2018.

1.2. PROCEDIMENTO, LUGAR E HORARIO: a matrícula anticipada efecturase **preferentemente a través da aplicación informática Nerta** (<https://www.edu.xunta.es/nerta/>). De facelo nos Lugares de Entrega e Recollida de Documentación (LERD) habilitados en cada un dos sete campus de Galicia, deberá facerse no LERD correspondente (véxase o **Anexo I**), en horario de 9,00 a 14,00 horas.

Para efectuar a matrícula, utilizarase unicamente o **impreso oficial** que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos LERD ou que se xerará a través da aplicación informática Nerta.

1.3. QUEN PODE MATRICULARSE: poderanse matricular no prazo sinalado para a **Matrícula Anticipada** as persoas que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que obtivese o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non teña aprobada a PAU ou a ABAU:
- Alumnado que obtivese o título de Bacharelato antes do curso 2015-2016. Deberá matricularse obrigatoriamente da proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade e, de ser o caso, da Parte Voluntaria da ABAU.
 - Alumnado que obtivese o título de Bacharelato no curso 2015-2016 que non se presentase ou non superase a PAU-2016 nalgunha das súas convocatorias (*Disposición transitoria única* da Orde ECD/1491/2016 de 22 de decembro). Poderá matricularse da proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade e, de ser o caso, da Parte Voluntaria da ABAU-2018.

- b) Alumnado dos centros de Bacharelato da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU.
- c) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C.A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- d) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, MÚSICA E DANZA) en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente, que desexe mellorar a súa cualificación de acceso. Poderá matricularse da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU. *(O alumnado dos centros de fóra da C.A. de Galicia deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- e) Alumnado de FP que estea en posesión do título de Técnico Superior de F.P., T.S. Artes Plásticas e Deseño ou Técnico Deportivo Superior ou equivalentes que desexe mellorar a súa cualificación de acceso. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(O alumnado de centros de fóra de Galicia deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- f) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio polo que se establece o Estatuto das Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtiveran o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suiza), que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- g) Alumnado de anos anteriores procedente de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación. Poderá matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos de Bacharelato *[Art. 3.1.c) do RD 412/2014, de 6 de xuño].*
 - Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos de Técnico Superior de F. P., de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. *[Art. 3.1.e) do RD 412/2014, de 6 de xuño].*
 - Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos, diferentes dos equivalentes aos títulos de Bacharelato, Técnico Superior de F. P., de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. *[Art. 3.1.f) do RD 412/2014, de 6 de xuño].*
- h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados membros da UE ou de estados cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que **non cumpra os requisitos académicos** esixidos nos seus respectivos sistemas educativos **para acceder ás súas universidades** *[Art. 9.2.b) do RD 412/2014, de 6 de xuño]*, que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e –de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. Poderán matricularse da Parte Obrigatoria e –de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*
- i) Alumnado de anos anteriores procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título

Homologado). Poderán matricularse unicamente da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*

- Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español [Art. 3.1.d) do RD 412/2014, de 6 de xuño].
 - Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos declarados equivalentes ou homologados aos títulos de Técnico Superior de F. P., de Artes Plásticas e Deseño ou de T. Deportivo Superior. [Art. 3.1.e) do RD 412/2014, de 6 de xuño].
- l) Alumnado de anos anteriores procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que **non cumpran os requisitos** esixidos nos seus respectivos sistemas educativos **para acceder ás súas universidades** e que desexe mellorar a súa cualificación ou Nota de Acceso á Universidade (NAU = Nota Media do Título Homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. Poderán matricularse da Parte Obrigatoria e -de ser o caso- da Parte Voluntaria da ABAU. *(Deberá acreditar a súa residencia na C.A. de Galicia).*

2.- MATRÍCULA ORDINARIA:

2.1. PROCEDEMENTO, PRAZOS, LUGAR E HORARIO:

- 1º) **Prematrícula** polo alumnado nos centros correspondentes de Educación Secundaria: o **6 de setembro**.

Para efectuar a prematrícula, utilizarase unicamente o **impreso oficial** que se facilitará nos centros de ensino secundario, nos LERD ou que se xerará a través da aplicación informática Nerta.

- 2º) **Matrícula** nos LERD polos Centros: Finalizado o proceso de prematrícula do alumnado, os centros de Educación Secundaria **enviarán** ao LERD correspondente a documentación no prazo do **7 de setembro**.

2.2. QUEN SE PODE MATRICULAR: Poderán matricularse no prazo de **Matrícula Ordinaria**, as persoas que se atopen na seguinte situación:

- a) Alumnado de centros da C.A. de Galicia que teña superado o Bacharelato na convocatoria de setembro de 2018.
- b) Nos termos establecidos no punto *Cuarto* da Resolución de 28 de febreiro de 2018, (BOE núm. 63, de 13 de marzo) de la Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional y Universidades, por la que se establecen las adaptaciones de la evaluación de Bachillerato para el acceso a la Universidad a las necesidades y situación de los centros españoles situados en el exterior del territorio nacional, los programas educativos en el exterior, los programas internacionales, los alumnos procedentes de sistemas educativos extranjeros y las enseñanzas a distancia, para el curso 2017-2018, o alumnado de centros da C.A. de Galicia que obteñan a dobre titulación de Bacharelato español e de Baccalauréat francés na convocatoria de setembro de 2018.

3.- MATRÍCULA EXTRAORDINARIA: Poderá matricularse no prazo de **Matrícula Extraordinaria**, o **día 11 de setembro** (das 9.00 ás 14.00 h.), o alumnado de centros de Galicia que aprobe o segundo curso de Bacharelato despois da resolución emitida pola Dirección Xeral de Centros e Ordenación e Innovación Educativa das reclamacións ás cualificacións do Bacharelato.

Segunda: DOCUMENTOS PARA REALIZAR A MATRÍCULA E REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN.

1.- MATRÍCULA ANTICIPADA:

1.1.- Documentos comúns para todo o alumnado:

- Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- Resguardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.
- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).

1.2.- Documentos específicos:

a) Alumnado dos centros de Bacharelato da C. A. de Galicia que obtívase o título de Bacharelato en anos anteriores, pero non se teña presentado as probas de acceso á universidade (PAU ou ABAU):

- Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota: Este alumnado presentarase á proba de acceso polo mesmo centro no que cursase o segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado á Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

b) Alumnado dos centros de Bacharelato da C. A. de Galicia que tendo aprobada a ABAU desexe mellorar a súa cualificación:

- Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da ABAU.

c) Alumnado dos centros de Bacharelato de fóra da C. A. de Galicia que tendo aprobada a PAU ou a ABAU desexe mellorar a súa cualificación:

- Fotocopia compulsada da Tarxeta de Cualificación da PAU ou da ABAU.
- Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Acreditación da súa residencia actual en Galicia.

d) Alumnado procedente de ordenacións educativas anteriores (PREU, COU, LOXSE, LOE, MÚSICA E DANZA) en posesión do título de Bacharelato ou equivalente:

➤ **Alumnado de PREU, COU, LOXSE e LOE:**

- Fotocopia compulsada do Título de Bacharelato ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste.
- Certificación expedida polo centro onde consten as cualificacións dos dous cursos do Bacharelato ou equivalente.

Nota: O alumnado de PREU, COU, LOXSE e LOE presentarase á ABAU polo mesmo centro no que cursase o PREU, COU e/ou segundo curso do Bacharelato, agás os que teñan solicitado Inspección Educativa presentarse polo centro máis próximo ao seu lugar de residencia.

➤ **Alumnado de Música e Danza:**

- Resolución da Inspección da Consellería de adscrición ao centro polo que concorrerá á proba.
- Certificación de estar en posesión do Título de Bacharelato ou equivalente.

- Certificación das cualificacións obtidas nos seus estudos do 3º Ciclo de Música ou Danza.
- e) Alumnado de F. P. de anos anteriores que estea en posesión do título de Técnico Superior (TSFP, TS Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo Superior ou equivalentes) e desexen realizar a Parte Voluntaria da ABAU:**
- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, segundo o modelo oficial que se facilitará pola CiUG aos centros.
 - Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.
- O alumnado de centros de fóra da C. A. de Galicia deberá aportar, ademais:**
- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos, para os estudantes de Ciclos Formativos de Grao Superior na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos Módulos.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. de Galicia.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
- f) Alumnado de anos anteriores en posesión do título de Bacharelato Europeo en virtude das disposicións contidas no Convenio que se establece o Estatuto de Escolas Europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994 e/ou alumnado que obtivese o Diploma do Bacharelato Internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza) e desexen realizar a Parte Voluntaria da ABAU:**
- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C. A. de Galicia.
- g) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de Bacharelato, aos Títulos Superiores de F. P., de Artes Plásticas e Deseño, ou de T. Deportivo Superior do Sistema Educativo Español procedente de sistemas educativos de estados membros da U.E. ou de estado cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU) mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU:**
- Credencial expedida pola UNED na que conste que o alumnado cumpre os requisitos de acceso á universidade no sistema educativo de orixe.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C. A. de Galicia.
- h) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedente de sistemas educativos de estados membros da U.E. ou de estado cos que se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades, que desexe mellorar a súa cualificación ou nota de acceso á universidade (NAU = Nota Media do Título homologado) mediante a realización da Parte Obrigatoria e, de ser o caso, da Parte Voluntaria da ABAU:**

- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- i) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Parte Voluntaria da ABAU:**
- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- k) Alumnado de anos anteriores en posesión de títulos, diplomas ou estudos equivalentes ao título de Bacharelato do Sistema Educativo Español, procedentes de sistemas educativos de estados que non sexan membros da UE cos que non se teñan subscrito acordos internacionais aplicables ao respecto, que non cumpran os requisitos esixidos nos seus respectivos sistemas educativos para acceder ás súas universidades e que desexe mellorar a súa cualificación mediante a realización da Parte Obrigatoria e/ou da Parte Voluntaria da ABAU:**
- Homologación do título, diploma ou estudo obtido ou realizado en sistemas educativos estranxeiros.
 - Documento expedido pola Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que acredite a súa adscrición a un centro de Bacharelato desta Comunidade Autónoma polo que concorrerá á proba.
 - Acreditación da súa residencia actual na C.A. Galicia.
- l) Alumnado de Formación Profesional pertencente a centros da C. A. de Galicia que estea en disposición de acadar o título correspondente de Técnico Superior na convocatoria de xuño de 2018:**
- **Certificación académica oficial provisional** expedida polo centro na que conste a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción dos módulos sinalados no punto 4 do artigo 27º da Orde do 24 de marzo de 2011:
 - Módulo de Formación en Centros de Traballo e, no seu caso, do módulo do proxecto (*T.S. de F. P.*).
 - Módulo de Formación Práctica en empresas, estudo e talleres e o Módulo de Proxecto Integrado (*T. S. Artes Plásticas e Deseño*).
 - Módulos de formación práctica e de proxecto final (*T. Deportivo Superior*).

2.- MATRÍCULA ORDINARIA E EXTRAORDINARIA.

Documentos comúns para todo o alumnado sinalado no punto 2.2. e 3 da base primeira:

- Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- Resgardo acreditativo de ter aboados os prezos públicos de matrícula ou, no seu caso, documentación que acredite a exención destes segundo o estipulado nesta convocatoria de matrícula.

- Impreso oficial de matrícula na ABAU debidamente cumprimentado (datos persoais, académicos e de matrícula para a ABAU).
- Fotocopia do Título de Bacharelato LOMCE ou LOE / Baccalauréat francés ou, no seu caso, resguardo acreditativo de ter efectuado o depósito deste. De cara a axilizar o proceso, estes resgardos individualizados pódense substituír por unha certificación do centro na que conste que todos os alumnos e alumnas teñen feito o depósito do título do Bacharelato.
- Os/as **representantes dos centros** acompañarán a matrícula dunha **listaxe de alumnos matriculados na ABAU** con indicación do DNI, apelidos e nome, exención de Lingua Galega e Literatura II (se é o caso) e importe das taxas aboadas ou, no seu caso, xustificante de exención. Este listado poderá ser xerado a través da aplicación informática Nerta.

3.- REQUISITOS QUE DEBE REUNIR A DOCUMENTACIÓN.

- **PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN:** De conformidade co disposto no *artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*, os **documentos que se dirixan á CIUG**, ademais de nos LERD indicados no **Anexo I**, poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:
 - a) Nos Rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
 - b) Nos Rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das Comunidades Autónomas.
 - c) Nos Rexistros de entidades que integran a Administración Local, sempre que se asinase o oportuno convenio.
 - d) Nas Oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.
 - e) Nas Representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- **COMPULSAS OU COTEXO DE DOCUMENTOS EXPEDIDOS EN ESPAÑA:** só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:
 - a) Rexistros relacionados no apartado anterior.
 - b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.
 - c) Organismo español que expediu o documento.
 - d) Notarios españois.
 - e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Nota: Non se admitirá ningún documento compulsado ou cotexado por órganos ou unidades administrativas distintas ás citadas neste apartado. Neste caso, requirirase a presentación do orixinal para a súa comprobación pola unidade administrativa que ten encomendada a súa tramitación. Tamén se requirirá a presentación do orixinal cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

Terceira: PREZOS PÚBLICOS.

O **aboamento** do prezo da matrícula para as probas ABAU farase **no impreso establecido** a tal efecto.

De conformidade co disposto no Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2017-2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 134 do venres, día 14 de xullo de 2017), o importe do prezo de matrícula para estas probas é de: **63,67 euros**.

Axudas para o pagamento de Prezos Públicos por Servizos Administrativos:

Amais da exencións establecidas no artigo 12 do Decreto 65/2017, do 6 de xullo, polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2017-2018, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 134 do venres, día 14 de xullo de 2017), tamén serán beneficiarios das axudas para o pagamento de Prezos

Públicos por Servizos Administrativos todas as persoas que estean contempladas nalgún suposto das “Convocatorias de axudas e subvencións de Prezos Públicos” de calquera das tres universidades públicas do SUG para o presente curso académico.

AXUDAS:

| | |
|---|--------------------|
| - Familia numerosa - Categoría Xeral | 31,84 euros |
| - Familia numerosa - Categoría Especial | Gratuíta |
| - Persoas con discapacidade (≥ 33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero .. | Gratuíta |
| - Persoal das Universidades do SUG | Gratuíta |

Nota:

- (1) Os beneficiarios/as de Familia Numerosa de Categoría Xeral e de Familia Numerosa de Categoría Especial deberán achegar, no momento da matrícula, xunto co xustificante bancario, fotocopia cotexada do carné de Familia Numerosa.
- (2) A condición de persoa con discapacidade(≥ 33%), de vítima de acto terrorista ou de vítimas de violencia de xénero acreditarase coa correspondente resolución administrativa pola que se reconécese a condición correspondente que deberá presentarse, necesariamente, no prazo de matrícula fixado, para que teña eficacia.
- (3) O Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia terá a matrícula gratuíta. A gratuídade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e, no caso de cónxuxe e fillos, ademais, por medio da fotocopia cotexada do Libro de Familia.

Cuarta: LISTAXES DE PERSOAS MATRICULADAS.

- **7 de setembro:** O alumnado deberá revisar os datos contidos nas listaxes de persoas matriculadas que se farán públicos nos centros de ensino secundario o día 7 de setembro, a partir das 14.00 horas, puidendo interpoñer –no seu centro- reclamación aos mesmos, ata as 14.00 horas do día 8 de setembro.

Quinta: EXAMES. COMISIÓNS DELEGADAS E CENTROS DE SECUNDARIA QUE AS INTEGRAN.

O alumnado matriculado nestas probas convócase para realizar os correspondentes exercicios formando grupos, integrado cada un deles por centros de ensino secundario e distribuídos por Comisións Delegadas segundo se indica no Anexo II.

Sexta: CALENDARIO E HORARIO DOS EXAMES.

- **Calendario:** os exames terán lugar os días **12, 13 e 14 de setembro.**
- **Horario:** ver Anexo III

Sétima: PRESENTACIÓN DO ALUMNADO AOS EXAMES.

Todo o alumnado deberá acudir á presentación o primeiro día as 9.00 horas e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles.

Deberá concorrer provistos do DNI ou pasaporte, pluma ou bolígrafo, e do material axeitado para realizar as probas correspondentes ás materias de Debuxo e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego para a realización dos exames.

Non está permitida a asistencia aos exames con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos, excepto calculadoras non programables. O incumprimento desta norma poderá ser motivo de medida disciplinaria.

Oitava: PUBLICACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS.

Unha vez rematadas as probas, as cualificacións obtidas polo alumnado faranse públicas na Internet o día **20 de setembro**, a partir das 20.00 horas.

Os centros de ensino secundario poderán consultar e imprimir unha copia da acta de cualificacións da ABAU correspondente ao seu centro directamente a través da aplicación informática NERTA.

O día **25 de setembro** faranse públicas as cualificacións despois da resolución das solicitudes de segunda corrección e das solicitudes de reclamación (a partir das 13.00 horas).

As cualificacións definitivas despois das reclamacións ao resultado da segunda corrección faranse públicas o día **1 de outubro** (a partir das 15.00 horas).

Novena: ENTREGA DAS TARXETAS DE CUALIFICACIÓN.

O día 24 de setembro, os LERD enviarán por correo aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da ABAU*.

Posteriormente, o día 26 de setembro, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da ABAU con modificación de nota despois do primeiro prazo de revisión das cualificacións*.

Finalmente, o día 1 de outubro, os LERD remitirán aos centros de ensino secundario as *Tarxetas de Cualificación da ABAU con modificación de nota despois da segunda revisión das cualificacións*.

Décima: REVISIÓN DAS CUALIFICACIÓNS.

1.- SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN E SEGUNDA CORRECCIÓN (do 21 ao 24 de setembro):

Unha vez publicadas as cualificacións das probas, o alumnado, cando considere incorrecta a aplicación dos criterios xerais e específicos de corrección, poderá presentar no prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación das cualificacións, *solicitud de segunda corrección* a unhas materias e *solicitud de reclamación* a outras materias distintas. O alumnado **non poderá presentar simultaneamente** *solicitud de dobre corrección e solicitud de reclamación sobre unha mesma materia*.

- **PRAZO:** O prazo de presentación das **solicitudes de reclamación** ou de **segunda corrección**, perante o presidente do Tribunal Único, será de tres días hábiles, contados a partir da data de publicación das cualificacións, o 20 de setembro. **Prazo: do 21 ao 24 de setembro.**

- **PROCEDIMENTO:** As *solicitudes de segunda corrección* e de *reclamación* poderanse facer a través da **aplicación informática NERTA**, empregando o seu **código de acceso**, ou nos **LERD**, solicitando e empregando os **impresos específicos**. No caso de presentar as solicitudes na Internet, o alumnado deberá imprimir copia da súa *solicitud* en calidade de resguardo e xustificación de presentación da mesma.

a) **RECLAMACIÓN:** Os exercicios sobre os que se presente a *solicitud de reclamación* serán revisados por un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección, co obxecto de verificar que todas as cuestións foran avaliadas cunha correcta aplicación dos criterios xerais de avaliación e específicos de corrección, así como a comprobación de que non existan erros materiais no proceso de cálculo da cualificación final.

A **cualificación definitiva da materia** será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da primeira corrección, agás nos casos de erros de suma no que a cualificación será a que resulte correcta. A publicación da dita cualificación será o día 25 de setembro.

b) **SEGUNDA CORRECCIÓN:** Os exercicios sobre os que se solicítase a **dobre corrección** serán corrixis por un profesor ou profesora especialista distinto ao que realizou a primeira corrección.

A **cualificación** resultará da media aritmética de ambas as correccións, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta e non a media aritmética.

No suposto de que existise unha diferenza de dous ou máis puntos entre ambas as cualificacións, un tribunal distinto efectuará unha terceira corrección. A cualificación final será a media aritmética das tres cualificacións.

Este procedemento efectuarase no prazo máximo de cinco días hábiles, contados a partir da data de finalización do prazo establecido anteriormente.

2.- SOLICITUDES DE RECLAMACIÓN Á SEGUNDA CORRECCIÓN (do 26 ao 28 de setembro):

No prazo de tres días hábiles contados a partir da data de publicación da resolución da segunda corrección (**do 26 ao 28 de setembro**), o alumnado que non estea conforme coa cualificación poderá presentar, ante a Comisión Organizadora, *solicitud de reclamación sobre materias nas que previamente solicitase segunda corrección*.

A cualificación será a que resulte desta revisión, sempre que sexa superior á outorgada despois da dobre corrección, agás nos casos de erros de suma, en que a cualificación será a que resulte correcta. A **publicación da dita cualificación** farase o día 1 de outubro.

Contra a resolución adoptada pola Comisión Organizadora, que porá fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia Comisión. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición.

Undécima: COMISIÓN ESPECIAL PARA ALUMNADO CON DISCAPACIDADE OU CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS.

Dependendo do número e tipo de solicitudes, así como da natureza da adaptación necesaria, os exames para o alumnado con discapacidade e/ou con necesidades educativas especiais matriculado na Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade no Sistema Universitario de Galicia que expresamente o solicite e o acredite convenientemente segundo o Procedemento de actuación establecido pola CiUG levaranse a cabo, única e exclusivamente, na:

a) Alumnado con discapacidade:

- **Comisión Delegada 25**: no Centro de ensino C.R.E. Santiago Apóstol-ONCE (Rúa Luis Braille, nº 40 – 36003 Pontevedra)

b) Alumnado con necesidades educativas especiais (NEE):

- Santiago de Compostela: **Comisión Delegada nº 2+4** con sede na **Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais** (Campus Norte).

- Lugo: **Comisión Delegada nº 12** con sede na **E. U. de Estudos Empresariais** (Avda. Alfonso X El Sabio).

- Coruña: **Comisión Delegada nº 6+7** con sede na **Facultade de Informática** (Campus de Elviña).

- O Ferrol: **Comisión Delegada nº 10** con sede na **Escola Politécnica Superior** (Campus Esteiro)

- Ourense - **Comisión Delegada nº 17** con sede na **Facultade de Historia** (Campus As Lagoas)

- Vigo: **Comisión Delegada nº 20** con sede na **Facultade de Económicas e Empresariais** (Campus Lagoas -Marcosende)

